

# CINE DE VERÁN

## CICLO DE CINEMA CHECO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

6-28 xullo 2016

Horario: 22:30 h

Comeza o verán e con el as sesións de cinema ao aire libre no CGAC, este ano cun ciclo dedicado ao cinema checo con películas vinculadas, na súa maioría, ao movemento da Nová vlná, a Nova Onda Checa.

O CGAC programará, as noites dos mércores e os xoves do mes de xullo, sete títulos dos grandes directores checos: Miloš Forman, Jiří Menzel, Jiří Weiss, Karel Zeman, Karel Kachyňa, Ivan Passer e Věra Chytilová. O ciclo realízase en colaboración co Centro de Linguas Modernas da USC e o Centro Checo en Madrid, e baixo a dirección de María Villamarín.

"A mediados dos sesenta o movemento da Nová vlná converteuse nun dos motores cinematográficos europeos, a un nivel parello ao da Nouvelle Vague, aínda que pola súa maior proximidade se coñece máis a segunda. Esta Nova Onda Checa estaba encabezada por unha segunda xeración de estudantes saídos da FAMU (Escola de Cinema e Televisión da Academia de Artes Escénicas de Praga), que realizaron un cine estreitamente vinculado ao contexto histórico, social e cultural do país. Este sería o trazo identificador do movemento, formado por uns autores que non tiñan ningún manifesto definido e que, segundo os teóricos, carecían dunha conciencia de grupo. O que os unía era a intención de romper as pautas do realismo socialista e a procura de novas vías para contrarrestar a falta de liberdade na creación artística.

Nese ambiente de efervescencia, esta corrente produciu cintas importantes para a historia do cinema. Algunha das máis notables aparece coa incorporación dunha plasticidade surrealista, evidente na obra de Jan Švankmajer e, en xeral, no xénero da animación (representado neste ciclo por *O barón Munchausen*). As temáticas comezaron, en paralelo aos novos cinemas da época, a tratar con frecuencia a vida cotiá (*Iluminación íntima*, *Otra vez saltou sobre os charcos*), así como a abordar os conflitos xeracionais e as problemáticas da mocidade sen distanciarse delas (*Loias no arame* e *As margaridas*). Como características transversais aplicables a case todos estes traballos fílmicos destaca a profundidade con que tratan aos personaxes e a moral individual fronte á representación colectiva defendida previamente polo sistema comunista (*Romeo*, *Xulieta* e *as tebras*); tamén as críticas alegóricas ao sistema político (*¡Ao lume, bombeiros!*, a última película de Miloš Forman antes de exiliarse) e o tratamento irónico, lirismo e emotividade que desprenden os filmes a pesar da dureza das historias que narran".

María Villamarín  
Cineclub de Compostela



Comienza el verano y con él las sesiones de cine al aire libre en el CGAC, este año con un ciclo dedicado al cine checo con películas que giran, en su mayoría, alrededor del movimiento de la Nová vlná, la Nueva Ola Checa.

El CGAC programará, las noches de los miércos e los jueves del mes de julio, siete títulos de los grandes directores checos: Miloš Forman, Jiří Menzel, Jiří Weiss, Karel Zeman, Karel Kachyňa, Ivan Passer y Věra Chytilová. el ciclo se realiza en colaboración con el Centro de Linguas Modernas de la USC y el Centro Checo en Madrid, y bajo la dirección de María Villamarín.

"A mediados de los sesenta el movimiento de la Nová vlná se convirtió en un de los motores cinematográficos europeos, a un nivel parejo al de la Nouvelle Vague, aunque por su mayor cercanía esta última se conozca más. Esta Nueva Ola Checa estaba encabezada por una segunda generación de estudiantes salidos de la FAMU (Escuela de Cine y Televisión de la Academia de Artes Escénicas de Praga), que realizaron un cine estrechamente vinculado al contexto histórico, social y cultural del país. Este sería el rasgo identificador del movimiento, formado por unos autores que no tenían ningún manifesto definido y que, según los teóricos, carecían de una conciencia de grupo. Lo que los unía era a intención de romper las pautas del realismo socialista y la búsqueda de nuevas vías para contrarrestar la falta de libertad en la creación artística.

En ese ambiente de efervescencia, esta corriente produjo cintas importantes para la historia del cine. Alguna de las más notables aparece con la incorporación de una plasticidad surrealista, evidente en la obra de Jan Švankmajer y, en general, en el género de la animación (representado en este ciclo por *El barón Munchausen*). Las temáticas comenzaron, en paralelo a los nuevos cines de la época, a tratar con frecuencia a vida cotidiana (*Iluminación íntima*, *Otra vez saltó sobre los charcos*), así como a abordar los conflictos generacionales y las problemáticas de la juventud sin distanciarse de ellas (*Alondras en el alambre* y *Las margaritas*). Como características transversales aplicables a casi todos estos trabajos fílmicos destaca la profundidad con que tratan a los personajes y la moral individual frente a la representación colectiva defendida previamente por el sistema comunista (*Romeo*, *Julieta* y *las tinieblas*); también las críticas alegóricas al sistema político (*¡Al fuego bomberos!*, la última película de Miloš Forman antes de exiliarse) y el tratamiento irónico, lirismo y emotividad que desprenden los filmes a pesar de la dureza de las historias que narran".

María Villamarín  
Cineclub de Compostela

# PROGRAMA

MÉRCORES, 6 DE XULLO

**Hoří, má panenko! (Ao lume, bombeiros!)**



Director: Miloš Forman | República Checa, 1967 | Xénero: comedia | Duración: 71 min

Un dos títulos fundamentais da Nova Onda e a última obra de Forman en Checoslovaquia. A película, rodada en gran parte con bombeiros reais e non actores, transcorre durante un baile no parque de bombeiros. Forman quixo pór en evidencia algunhas das miserias habituais da sociedade. Tróuxolle innumerables problemas de todo tipo que tiveron que ver tamén coa súa decisión de emigrar.

XOVES, 7 DE XULLO


**Skřivánci na niti (Loias no arame)**

Director: Jiří Menzel | República Checa, 1969 | Xénero: drama-comedia | Duración: 94 min

Na cidade de Kladno, durante os procesos de rectificación comunistas de 1950, un peculiar conxunto de personaxes represaliados acoden a unha fundición para reciclar os restos da antiga orde e fabricar con eles novos tractores e máquinas. Cabe destacar a mirada crítica e os divertidísimos diálogos dunha cuadrilla de operarios forzosos composta por un profesor de filosofía que se opón a queimar obras mestras da literatura occidental, un fiscal que ousa reivindicar o dereito dos condenados a defenderse, un músico consagrado a un instrumento tan burgués como o saxo ou un cocineiro que rexeita traballar os sábados por motivos relixiosos. Por outra banda, están os rostros cheos de vida dunha serie de prisioneiras condenadas a traballos forzados por tentar fuxir das fronteiras checoslovacas. E no medio destes dous grupos, que se atraen de maneira inevitable, débúxase a silueta dun estóldo gardián incapaz de atallar a fermosa historia de amor que florece entre o novo cocineiro Pavel e a prisioneira Jitka.

MÉRCORES, 13 DE XULLO

**Romeo, Julie a tma (Romeo, Xulieta e as tebras)**



Director: Jiří Weiss | República Checa, 1960 | Xénero: drama-romance | Duración: 92 min

# PROGRAMA

MIÉRCOLES, 6 DE JULIO

**Hoří, má panenko! (¡Al fuego, bomberos!)**

Director: Miloš Forman | República Checa, 1967 | Género: comedia | Duración: 71 min

Uno de los títulos fundamentales de la Nueva Ola y la última obra de Forman en Checoslovaquia. La película, rodada en gran parte con bomberos reales y no actores, transcurre durante un baile en el parque de bomberos. Forman quiso poner en evidencia algunas de las miserias habituales de la sociedad. Le trajo innumerables problemas de todo tipo que tuvieron que ver también con su decisión de emigrar.

JUEVES, 7 DE JULIO

**Skřivánci na niti (Alondras en el alambre)**



Director: Jiří Menzel | República Checa, 1969 | Género: drama-comedia | Duración: 94 min

En la ciudad de Kladno, durante los procesos de *rectificación* comunistas de 1950, un peculiar conjunto de personajes represaliados acuden a una fundición para reciclar los restos del antiguo orden y fabricar con ellos nuevos tractores y máquinas. Cabe destacar la mirada crítica y los divertidísimos diálogos de una cuadrilla de operarios forzosos compuesta por un profesor de filosofía que se opone a quemar obras maestras de la literatura occidental, un fiscal que osa reivindicar el derecho de los condenados a defenderse, un músico consagrado a un instrumento tan burgués como el saxo o un cocinero que rehúsa trabajar los sábados por motivos religiosos. Por otra parte, están los rostros llenos de vida de una serie de prisioneras condenadas a trabajos forzados por haber intentado huir de las fronteras checoslovacas. Y en medio de estos dos grupos, que se atraen de manera inevitable, se dibuja la silueta de un estóldo guardián incapaz de atajar la hermosa historia de amor que florece entre el joven cocinero Pavel y la prisionera Jitka.

MIÉRCOLES, 13 DE JULIO

**Romeo, Julie a tma (Romeo, Julieta y las tinieblas)**

Director: Jiří Weiss | República Checa, 1960 | Género: drama-romance | Duración: 92 min

Jiří Weiss dirige esta conmovedora versión de la mítica historia de Romeo y Julieta con la que ganó la Concha de Oro en San Sebastián en 1960. En tiempos de la II Guerra Mundial, mientras la ciudad checoslovaca de Praga se encuentra ocupada por los nazis, un joven estudiante checo se encuentra accidentalmente con una fugitiva judía a la que decide esconder de forma clandestina poniendo en peligro su vida y la de todos los que le rodean.

Jiří Weiss dirixe esta conmovedora versión da mítica historia de Romeo e Xulieta coa que gañou a Cuncha de Ouro en Donostia en 1960. En tempos da II Guerra Mundial, mentres a cidade checoslovaca de Praga atópase ocupada polos nazis, un novo estudante checo atópase accidentalmente cunha fuxitiva xudía á que decide esconder de forma clandestina pondo en perigo a súa vida e a de todos os que o rodean.

**MÉRCORES, 20 DE XULLO**

### **Baron Prášil (O barón Munchaüsen)**

Director: Karel Zeman | República Checa, 1961 | Xénero: fantástico, ciencia ficción, aventuras, animación | Duración: 80 min  
A película está intimamente ligada coa exitosa obra, tamén dirixida por Zeman, *Unha invención diabólica (Vynález zkazy)*. Nesta versión, o barón Munchaüsen atopa un compañeiro de aventuras no novo astronauta Tony. O romántico barón compartirá co seu amigo fantásticas aventuras: atopar a Cyrano de Bergerac na lúa, onde tamén coñecerá aos astronautas de Xulio Verne; secuestrar a princesa Bianka do palacio do Sultán; verse envolvido nunha batalla naval e un naufraxio; viaxar a través dos océanos no ventre dunha balea e mesmo voar nas garras da increíble ave Roc; e conquistar o corazón da bela princesa.

**XOVES, 21 DE XULLO**

### **Už zase skáču přes kaluže (Outra vez saltou sobre os charcos)**



Director: Karel Kachyňa | República Checa, 1971 | Xénero: drama | Duración: 94 min

O fillo do amestrador de cabalos do emperador pásase todo o seu tempo libre montando cabalos. Pero contrae poliomielite, queda coxo e ten que pasar unha longa tempada no hospital, onde se somete a varios tratamentos para superar este problema. Unha enfermidade que non impedirá que o protagonista poida volver cumprir o seu soño de montar a cabalo. A súa forte vontade, a fe no seu soño e unha familia que o quere farán que supere unhas barreiras que parecían infranqueables.

**MÉRCORES, 27 DE XULLO**

### **Intimní osvětlení (Iluminación íntima)**

Director: Ivan Passer | República Checa, 1965 | Xénero: drama-música | Duración: 71 min

Por mor dun concerto que debe celebrarse nunha localidade rural de provincias, dous antigos amigos reencóntranse. Petr, un músico de cidade, chega acompañado pola súa bela e infantil muller ao fogar de Bambas, que casou, construíu unha casa e vive cos seus pais, a súa muller e os seus fillos. No transcurso da fin de semana sae á luz o contraste entre o mundo urbano e o rural, observado con fino humor, e conséntase en ton agridoce o horizonte conformista que acaba cos

**MIÉRCOLES, 20 DE JULIO**

### **Baron Prášil (El barón Munchaüsen)**



Director: Karel Zeman | República Checa, 1961 | Género: fantástico, ciencia ficción, aventuras, animación | Duración: 80 min  
La película está íntimamente ligada con la exitosa obra, también dirigida por Zeman, *Vynález zkazy (Una invención diabólica)*. En esta versión, el barón Munchaüsen encuentra un compañero de aventuras en el joven astronauta Tony. El romántico barón compartirá con su amigo fantásticas aventuras: encontrar a Cyrano de Bergerac en la luna, donde también conocerá a los astronautas de Julio Verne; secuestrar a la princesa Bianka del palacio del Sultán; verse envuelto en una batalla naval y un naufragio; viajar a través de los océanos en el vientre de una ballena e incluso volar en las garras de la increíble ave Roc; y conquistar el corazón de la bella princesa.

**JUEVES, 21 DE JULIO**

### **Už zase skáču přes kaluže (Otra vez saltó sobre los charcos)**

Director: Karel Kachyňa | República Checa, 1971 | Género: drama | Duración: 94 min

El hijo del amaestrador de caballos del emperador se pasa todo su tiempo libre montando caballos. Pero contrae poliomielitis, se queda cojo y tiene que pasar una larga temporada en el hospital, donde se somete a varios tratamientos para superar este problema. Una enfermedad que no impedirá que el protagonista pueda volver a cumplir su sueño de montar a caballo. Su fuerte voluntad, la fe en su sueño y una familia que lo quiere harán que supere unas barreras que parecían infranqueables.

**MIÉRCOLES, 27 DE JULIO**

### **Intimní osvětlení (Iluminación íntima)**



soños de mocidade e que, finalmente, reúne de novo a ambos os amigos. Neste universo, que por momentos dá un xiro cara ao absurdo, o xesto de rebeldía é vivido como unha evocación melancólica sen consecuencias que deixa paso ao recomenzar da rutina cotiá.

XOVES, 28 DE XULLO

### Sedmikrásky (As margaridas)



Director: Věra Chytilová | República Checa, 1966 | Xénero: comedia negra | Duración: 74 min

Mentres toman o sol en bikini, dúas mozas conclúen: “neste mundo todo está corrompido, estaremos corrompidas nós tamén”. Así se activa o mecanismo que pon en marcha a película: unha tras outra, íranse producindo escenas inconexas nas cales as dúas protagonistas xogan a ser malas coa súa contorna. Enganan homes maduros para así comer de balde, escriben e debuxan nas paredes da súa casa, improvisan un baile nun cabaré para boicotear o número que está en escena, engolén e esnaquizan os manjares dun banquete preparado para outros... Rompendo a linearidade narrativa e empregando a técnica da colaxe, tanto a nivel visual como auditivo, Věra Chytilová constrúe unha película crítica coa sociedade contemporánea e coa posición que ocupa a muller nun mundo dominado polo masculino. Esta película metafórica, provocativa e esencialmente reflexiva, foi nos anos sesenta un emblema da Nova Onda Checa.

Director: Ivan Passer | República Checa, 1965 | Género: drama-música | Duración: 71 min

A raíz de un concerto que debe celebrarse en una localidad rural de provincias, dos antiguos amigos se reencuentran. Petr, un músico de ciudad, llega acompañado por su bella e infantil mujer al hogar de Bambas, que se ha casado, ha construido una casa y vive con sus padres, su mujer y sus hijos. En el transcurso del fin de semana sale a la luz el contraste entre el mundo urbano y el rural, observado con fino humor, y se constata en tono agrisado el horizonte conformista que acaba con los sueños de juventud y que, al fin, reúne de nuevo a ambos amigos. En este universo, que por momentos vira al absurdo, el gesto de rebeldía es vivido como una evocación melancólica sin consecuencias que deja paso al recomenzar de la rutina cotidiana.

JUEVES, 28 DE JULIO

### Sedmikrásky (Las margaritas)

Director: Věra Chytilová | República Checa, 1966 | Género: comedia negra | Duración: 74 min

Mientras toman el sol en bikini, dos chicas jóvenes concluyen: “en este mundo todo está corrompido, estaremos corrompidas nosotras también”. Así se activa el mecanismo que pone en marcha la película: una tras otra, se irán produciendo escenas inconexas en las cuales las dos protagonistas juegan a ser malas con su entorno. Engañan a los hombres maduros para comer gratuitamente, escriben y dibujan en las paredes de su casa, improvisan un baile en un cabaret para boicotear el número que está en escena, engullen y despedazan los manjares de un banquete preparado para otros... Rompiendo la linealidad narrativa y empleando la técnica del *collage*, tanto a nivel visual como auditivo, Věra Chytilová construye una película crítica con la sociedad contemporánea y con la posición que ocupa la mujer en un mundo dominado por lo masculino. Esta película metafórica, provocativa y esencialmente reflexiva, fue en los sesenta un emblema de la Nueva Ola Checa.

Entrada libre e de balde. As películas proxectaranse en versión orixinal subtitulada en castelán.

En caso de choiva, as proxeccións terán lugar no auditorio do CGAC.

A Cantina do CGAC estará aberta durante as proxeccións con bebida, hamburguesas e flocos de millo para gozar dunha auténtica sesión de cinema de verán.

DIRECCIÓN: María Villamarín. Cineclub de Compostela

COORDINACIÓN: Virginia Villar

Entrada libre y gratuita. Las películas se proyectarán en versión original subtitulada en castellano.

En caso de lluvia, las proyecciones tendrán lugar en el auditorio del CGAC.

A Cantina do CGAC estará aberta durante las proyecciones con bebida, hamburguesas y palomitas para disfrutar de una auténtica sesión de cine de verano.

DIRECCIÓN: María Villamarín. Cineclub de Compostela

COORDINACIÓN: Virginia Villar

CGAC

DEPARTAMENTO DE ACTIVIDADES E EDUCACIÓN

Rúa Ramón del Valle Inclán 2, 15703 Santiago de Compostela

Tel.: 981 546 602 / cgac.actividades@xunta.gal

www.cgac.xunta.gal

www.facebook.com/CGACSantiago

twitter @cgac\_santiago

cineclub de compostela



galicia